



Acivro en

Ancares (Foto Jose M. Menéndez)



Carballeira en Ponte Chalán (Foto J. Menéndez)



Loureiros delimitando unha corredeira

Entrecruces (Foto Jose M. Menéndez)

O CARBALLO (*Quercus robur*)

Desenrolase sobre todo en altitudes de entre 200 a 2000 m. Como máximo. É unha especie que prefiere suelos húmedos e fértiles necesitando un volume de precipitacións considerables durante todo o ano. Sen dúbida, unha das especies máis representativas do bosque galego, que contribúe á constitución de hábitats propicios para multitude de organismos (aves, mamíferos, invertebrados, plantas, fungos...)

O ACIVRO (*Ilex aquifolium*)

Árbore perennifolia de crecemento moi lento e que non suele pasar dos 6 m. De altitude. Protexida polo séu retroceso nas últimas décadas e de alto valor ecolóxico, ofrece refuxio e alimento no inverno a moitas especies de animais silvestres. As súas bayascor vermella son tóxicas para a maioría das especies animais. Require zonas húmidas e é bo compañeiro do carballo.

O LOUREIRO (*Laurus nobilis*)

Árbore de folla peremne de ata 8 metros de altura que se desenrola en alturas de ata 800m. É sensible ás altas temperaturas do verán e atribúenselle numerosas cualidades culinarias, medicinais, culturais e simbólicas, mesmo máxicas...



A.N.P.A
GRANXA CE IP
BERGANTIÑOS

A.C.V
A FONTE SALGUEIRA
VILELA- ENTRECUCES

A. A. Senda Nova

21 DE MARZO DO 2010
DÍA MUNDIAL FORESTAL

DÍA DAS ÁRBORES



Acivro en L'Azorea Cima (Foto Gema Moreira)

PLANTACIÓN DE ÁRBORES
FÉRVEDA DE ENTRECUCES

Carballo

UNHA ÁRBORE, MOITAS
VIDAS



21 DE MARZO DÍA MUNDIAL FORESTAL

Foi no século XIX cando en diversos lugares do mundo se veu adicando un día ó ano a os nosos árbores. Elementos indispensables para a protección da nosa diversidade, da vida do planeta terra. Dende 1971 os estados membros da FAO (organización das nacións unidas para a agricultura e alimentación) establecen a data do 21 de marzo para esta celebración mundial.



Bosque nos Ancares (Jose M. Menéndez)

Na actualidade a loita pola conservación das masas arbóreas vai cobrando maior urgencia debido principalmente as crecentes ameazas que se presentan e que conflúen nun ritmo de deforestación alarmante. Tala masiva e indiscriminada con diferentes fins, incendios, contaminación atmosférica, degradación do solo, especies foráneas invasoras...causas directamente atribuíbles a acción humana. Das 3900 hetáreas de bosque pérdense cada ano 7. de seguir este ritmo, en 5 sécalos podriase ter esgotado por completo os recursos forestais. Na man de todos está que isto non chegue a suceder

QUE FACER

Ante todo non deixarnos levar pola actitude de " Total o que eu faga..." . Calquera pequena boa acción é beneficiosa en si e contriúe ademais a dar exemplo, a transmitir. Calquera mala o efecto sería moito ó contrario.

Partamos da fórmula das tres R:

Reciclar, Reducir, Reutilizar

Cuestións tan simples coma reutilizar papel, empregar papel reciclado , controlar a procedencia dos produtos derivados das árbores que adquirimos buscando o distintivo FSC (que nos garante que os produtos así etiquetados proveñen de explotacións forestais ambiental e socialmente sostibles), reducir o noso consumo xeral , plantar árbores autóctonas e evitar as foráneas ... E tamén tomar conductas activas de mobilización por estes obxectivos a través de asociacións e outras entidades.



Bosque autóctono da Ribeira da Pena- Carballo

(Jose M. Menéndez)

Desde **Senda Nova** e mantendo como unha das nosas premisas o coñecemento como base do respecto ó medio e coa convicción da necesidade do traballo por estes valores desde idades tempranas, non podíamos ser allea a esta problemática e, organizamos este acto simbólico. Tratamos de enaltecer a árbore como fonte de vida por tódolos beneficios que nos aporta: purificación do aire, regulación hidrolóxica e climática, protección e enriquecemento do solo, fogar e alimento a numerosas especies, sombra, refuxio, acougo, beleza...



Plantacións de árbores en Llaviana (Asturias) Foto Lorena G.

SENDA NOVA NO DÍA FORESTAL MUNDIAL 2010

Neste Día Forestal Mundial 2010 Senda Nova elixe o entorno da Férveda de Entrecruces. Revindicando tamén este espazo como lugar emblemático a potenciar por fermosura, cultura, importancia ecolóxica e tamén como non, historicamente.

Alí plantaremos carballos, acivros e loureiros.

